

VIEIROS

Publicación Murguía

PATRIMONIO INMATERIAL

Roteiro polo monte Seixo

No pasado mes de agosto ao longo dunha semana desenvolvíanse as "IV Xornadas de Historia da Feira Franca". Sob a iniciativa do Concello de Pontevedra e a organización da Asociación Galega de Historiadores/as déronse cita multitude de persoas na pontevedresa Casa das Campás para escoitar falar sobre os mitos e as lendas en Galiza.

- 07:11 19/09/2006

Xan Cuba, Xosé Miranda, Carlos Reigosa e Carlos Solla foron os catro ponentes que fixeron que o público que ategaba a Casa das Campás se mergullara no rico patrimonio inmaterial galego que, en parte, está recollido nos mitos e lendas que poboan o noso país.

Na penúltima xornada o investigador Carlos Solla abordou a ligazón existente entre o Monte Seixo (Cerdedo) e unha multitude de lendas. Acaparando unha importantísima atención do público presente na conferencia, Solla amosou diversas imaxes do Monte Seixo antes de ser arrasado polo lume neste pasado verán.

Dada a expectación creada arredor do devandito emprazamento natural o Concello de Pontevedra, a Asociación Galega de Historiadores/as e a Asociación Cultural e Ecoloxista Verbo Xido decidiron organizar unha camiñada polo Monte Seixo.

Cunha rota que consta duns 14 km, desenvolverase a camiñada o sábado 31 a partir das dez da mañá. A esta hora sairá un bus desde a Casa do Concello de Pontevedra cara Cerdedo.

Aliás, e logo dun xantar, as e os participantes achegaranse ao Museo Etnográfico da Terra de Montes, xestionado por Verbo Xido.

O custe do roteiro por persoa é de 3€, incluído o autocar. As inscricións poden formalizarse no Pazo da Cultura de Pontevedra (R/Alexandre Bóveda s/n), 986.83.30.61 de 9 a 13:30hrs.